

1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Actos en conmemoración do Día das Letras Galegas

GRUPO: Servizo EIP EGAP

ÁREA: Outros

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	PLAN:	FONDOS EGAP	HORAS:	2
ADMINISTRACIÓN:	AUTONÓMICA	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2012
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	DIVULGACIÓN	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 17/05/2012 - 00:00h ao 22/05/2012 - 00:00h

RESPONSABLE: []

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

A Real Academia Galega dedícalle o Día das Letras Galegas de 2012 ao xurista, político galeguista, empresario e tamén ensaísta e poeta Valentín Paz Andrade (Pontevedra, 1898 - Vigo, 1987). Por este motivo, a EGAP, como institución pública galega, súmase á homenaxe deste galego insigne organizando un acto literario, así coma unha viaxe de interese cultural polos escenarios nos que se desenvolveu boa parte da vida de Valentín Paz Andrade.

DESTINATARIOS

No acto literario poderá participar o persoal das administracións públicas e calquera outra persoa interesada. Á viaxe cultural terá acceso só o persoal ao servizo de calquera das administracións públicas de Galicia (ata 40 prazas). No caso de presentárense máis solicitudes que prazas, terá preferencia o persoal da Xunta de Galicia.

PROGRAMA

3.1. Un relatorio a cargo do presidente do Consello da Cultura Galega e catedrático de Historia Contemporánea da Universidade de Santiago de Compostela, Ramón Villares Paz, sobre a polifacética traxectoria do autor agasallado.

- Data: 22 de maio.

- Hora: 19.00.

- Lugar: salón de actos e sala de exposicións da EGAP.

Tras o relatorio, actuarán a soprano Laura Alonso Padín, acompañada ao piano por Juan M. Varela, que interpretarán varias obras de música galega. Igualmente, no contexto deste acto procederase á inauguración da VIII Mostra colectiva das artes e das letras dos empregados da Administración autonómica galega.

3.2. Viaxe cultural:

- Data: 17 de maio.

- O programa desenvolverase do seguinte xeito:

. Saída da Coruña ás 08.00 h (Obelisco).

. Saída de Santiago de Compostela ás 09.00 h (EGAP).

. Pontevedra: Finca de Montero Ríos en Lourizán.

. Petróglifos e Labirinto de Mogor.

. Bueu: Museo do Mar de Masso.

. Aldán, O Hío e a Costa da Vela.

. Subida ao Castro do Monte do Facho en Donón, incluíndo unha visita ao Santuario galaico-romano de Berobreo (O Hío).

. Xantar enxebre.

. Museo do Mar de Vigo.

. Panxón e a obra de Antonio Palacios.

. Baiona e o monumento da Virxe da Roca (Monte Sansón).

. Chegada a Santiago de Compostela sobre as 21.00 h.
. Chegada á Coruña sobre as 22.00 h.
- A visita será guiada polo historiador de arte e arqueólogo Felipe-Senén López Gómez.
Para coñecer o desenvolvemento da viaxe e para todo tipo de información, prégase contactar co Servizo de Estudos e Publicacións. Teléfonos: 981597251 / 981546239 / 981546235.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Para a selección da viaxe cultural terase en conta a data de entrada da solicitude no rexistro xeral da EGAP ou a data do fax, sempre de acordo coa preferencia sinalada no parágrafo anterior.

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO1

LOCALIDADE: Santiago de Compostela **INICIO / FIN:** 17/05/2012 a 22/05/2012

NUM. PRAZAS: 40 **ESTADO:** NORMAL - (SELECCIÓN DISP.) **DATA EXAME:**

DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE

LUGAR DE REALIZACIÓN

SALON DE ACTOS: O día 22 de maio de 18:00 a 20:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA